

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Federación de Sociedades Gallegas de Cuba para o mantemento dunha oficina de información e asesoramento en Cuba e das oficinas das provincias, 2026

Á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspóndelle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras, as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e as atribuídas á comunidade autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

A Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes a potenciar e fornecer os vínculos coa nosa cultura dos galegos e galegas residentes fóra de Galicia, que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior. Estas entidades galegas son asociacións nas que tradicionalmente se reúnen as persoas emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e fornecer os lazos sociais e culturais. Arredor destas asociacións réunese un gran número de persoas galegas, que son as axentes principais a través das que Galicia fomenta a súa cultura.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa Federación de Sociedades Gallegas de Cuba un convenio que ten por obxecto establecer o marco de colaboración as entidades asinantes para o mantemento dunha oficina de información e asesoramento e ademais colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio- asistencial.

A actividade desta oficina de información e asesoramento vai dirixida tanto á comunidade galega residente en Cuba como ás oficinas de información situadas noutras provincias de Cuba.

En Cuba residen máis de 50.000 persoas de orixe galega segundo os últimos datos do padrón de españois residentes no estranxeiro. A situación social, política e económica pola que está a atravesar o país repercute negativamente no conxunto da sociedade e, en consecuencia, nas persoas galegas que alí viven, que están abocadas a unha

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com



situación de carencia ou sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

A Federación de Sociedades Gallegas de Cuba é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa un total de corenta e seis sociedades galegas. Está rexistrada como federación galega no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración e ten a súa sede social no Palacio do antigo Centro Gallego de La Habana. Dispón de importantes instalacións e é a entidade galega de referencia en todo o país caribeño; ademais de desenvolver actividades que contribúen a manter e reforzar os vínculos coa galegitude cubana e á difusión do noso patrimonio cultural e artístico.

Na sede desta entidade vén funcionando desde o ano 2007 a Oficina de Información e Asesoramento, creada ao abeiro do convenio de colaboración asinado o día 6 de xuño dese ano, a través da que se está a desenvolver un labor de difusión, asesoramento, información e colaboración na xestión das solicitudes dos programas e actividades que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración, e a prestar un servizo de calidade e proximidade á galegitude residente en Cuba.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 65.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Con atención no exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
Praza de Mazarelos, 15
15703 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 158
emigracion@xunta.gal
galiciaaberta.com

